



MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 28 de novembro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Gregorio Agís Gómez:

14.8551.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Non sei se hai rogos e preguntas. Ten a palabra don Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- A ver, é un rogo que creo que de procedemento. É dicir, o Presidente pode falar cando queira, ten esa liberdade que lle outorga a normativa.

Sr. Presidente.- ¿Cal é o rogo?

Sr. Agís Gómez.- O que digo é que si nos referimos desde a Presidencia a alguén do público que non pode falar ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é o rogo?

Sr. Agís Gómez.- Esa, estou facendo o rogo, é dicir, que se nos diriximos á xente que está no público, que non pode falar, non nos pode interpelar, sobre todo sendo cargos institucionais, que non se debe facer, debe dirixirse aos deputados que teñen un mecanismo de resposta, porque os alcaldes ...

Sr. Presidente.- Pero, ¿o rogo cal é?, que non acabo de entender.

Sr. Agís Gómez.- O que digo, que non se dirixa directamente a nadie que estea no público, porque non pode falar, non lle pode interpelar, ten que calarse, ¿non?. Entón, nese sentido creo que o educado, o razoable, é non dirixirse.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 2 de decembro de 2025.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Gregorio Agís Gómez.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-

